



Reclamante: [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 64/2022

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vistas as reclamacións presentadas por [REDACTED], mediante escrito do 28 de marzo de 2022, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 31 de maio de 2022, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 28 de marzo de 2022, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno contra a demora na consulta e copia de varios expedientes relacionados con 4 denuncias realizadas pola [REDACTED] ante a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, concedidos por resolución da dita Dirección Xeral do 21 de decembro de 2021.

En resumo a [REDACTED] interesada indica que con data do 23 de novembro de 2021 solicitou consulta e copia de varios expedientes relacionados con 4 denuncias realizadas pola [REDACTED] ante a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, das que se lle foi concedido o acceso, previa coordinación co Servizo. Con data do 15 de febreiro e 1 de marzo de 2022 a [REDACTED] solicitou coordinar a data de consulta, solicitude que foi reiterada con data do 24 de marzo á que se lle contestou que a solicitude será atendida o antes posible, na medida das posibilidades deste Servizo.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada con sinatura electrónica de asociación, e do DNI do representante.

Segundo. Con data 29 de marzo de 2022 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Cultura, Educación e Universidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 1 de abril de 2022.

Terceiro. Con data do 28 de abril de 2022 a Consellería de Cultura, Educación e Universidade contesta a petición remitindo informe.

Neste informe se indica que con data do 21 de decembro de 2021, ditáronse varias resolucións da Dirección Xeral Patrimonio Cultural, de concesión de acceso a expedientes relacionados con catro xacementos da provincia de Lugo, solicitados pola ██████████ reclamante, nas que se lle concederon acceso a 67 expedientes, que se atopan en diferentes formatos e en distintos arquivos, que é necesario solicitar e agrupar e dixitalizar. Dende o departamento correspondente indicóuselle á ██████████ que a súa solicitude sería atendida no momento en que toda a documentación á que se lle concedeu acceso estivese dispoñible e sempre tendo en conta que a normativa non establece prazo algún para o acceso. Considera que non se estivo dilatando o acceso dado que das múltiples solicitudes de acceso á información pública realizadas por ██████████ todas foron atendidas na marxe de 10 días dende a solicitude de data de acceso.

Indica que con data do 25 de abril de 2022 envióuselle un correo electrónico á ██████████ para concertar a día de acceso á documentación, que foi acordado coa mesma.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación

dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Análise do expediente

O obxecto dunha reclamación en materia de transparencia, é a falla de contestación a unha solicitude de acceso á información ou a desconformidade coa resolución pola que se resolve a mesma, segundo establece o artigo 24 da Lei 19/2013 citado.

No presente caso, o obxecto do escrito de reclamación, é o que se considera dilacións indebidas no acceso efectivo a unha información sobre a que se ditou resolución expresa concedendo o mesmo. Non existe por tanto reclamación contra a falla de resolución, nin contra a resolución expresa, polo que procede a inadmisión da reclamación presentada, ao carecer esta de obxecto.

O escrito presentado pode considerarse un escrito de queixa por retraso na execución da resolución ditada, é dicir, no acceso efectivo á información, polo que faise necesario facer constar que non se pode compartir a afirmación feita no informe remitido pola Consellería, de que *a normativa non establece prazo algún para o acceso*. Respecto dos prazos de contestación a unha solicitude de acceso á información, o artigo 20.1 da Lei 19/2013, sinala que a resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse ao solicitante e aos terceiros afectados no prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver, prazo que pode ampliarse por outro mes no caso de que o volume ou a complexidade da información que se solicita así o fagan necesario e previa notificación ao solicitante. O artigo 22.1, establece que cando non poida darse o acceso no momento da notificación da resolución, deberá outorgarse en calquera caso, nun prazo non superior a dez días. O anterior implica que no momento de terse concedido o acceso á información, esta debe estar xa preparada para a súa entrega ao solicitante nese prazo, agás nos casos nos que exista no período de audiencia, oposición expresa dun terceiro (artigo 22.2 da Lei 19/2013).

Na maior parte das ocasións o auténtico valor do dereito de acceso á información reside en que os solicitantes de acceso poidan obter con inmediatez unha información que só lles outorga unha vantaxe exclusiva se non se dilata a súa entrega. Por este motivo, a excepción ao principio de executividade inmediata dos actos administrativos e de accesibilidade máxima que inspira a transparencia establecida no artigo 22.2, esixe un requisito fundamental, que é a existencia de oposición dun terceiro cuxos dereitos ou intereses poidan resultar afectados pola concesión da información, circunstancia que neste caso non consta que existira.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión de Transparencia

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] contra a Reclamación contra a demora na consulta e copia de varios expedientes relacionados con 4 denuncias realizadas pola Asociación ante a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, concedidos por resolución da dita Dirección Xeral do 21 de decembro de 2021.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2022.06.08 11:53:29 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.